

## ORDENANZA FISCAL Nº 19

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA TENENCIA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA E ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

#### Artigo 1º. - Obxecto.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 en relación co artigo 20 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establécese a Taxa por prestación de servizos especiais de expedición de Licencia para a Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos, o seu Rexistro e Modificacións, así como por inscrición no Censo de Animais de Compañía, que se rexerán pola presente Ordenanza Fiscal.

#### Artigo 2º. - Feito Impoñible.

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións esixidas polo ordenamento xurídico para a concesión da licencia indicada, renovación, tramitación, control e custodia da mesma e aqueles outros servizos que se recollen no artigo 6 desta Ordenanza.

#### Artigo 3º. - Suxeito Pasivo.

1. Son suxeitos pasivos da Taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten:

a) a obtención ou renovación da Licencia para a Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos.

b) a inscrición no rexistro municipal correspondente ou ben a modificación ou cancelación da dita inscrición.

c) a inscrición no Censo de Animais de Compañía.

2. En particular serán suxeitos pasivos os titulares dos establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos e se dediquen a súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollidas, residencias, centros recreativos e establecementos de venda emprazados neste municipio, cando soliciten os extremos indicados no número anterior.

#### Artigo 4º. - Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala os artigos 41 e 43 da Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 5º. - Devengo.**

1. O devengo da taxa producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito imponible.

2. A non concesión da licencia, cando non sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas.

#### **Artigo 6º. - Tarifas.**

1. Licencia de Animais Potencialmente Perigosos, 9 euros
2. Ficha Identificativa individual, 6 euros
3. Renovación de Licencias, 5 euros
4. Inscripción no Rexistro A.P.P., 4 euros
5. Inscripción no Censo de Animais de Compañía, 3 euros
6. Modificacións Rexistrais, 2 euros
7. Cancelación Rexistral, 2 euros

Os actos ós que se refiren os epígrafes 1, 3, 4 e 7, cando se soliciten polos suxeitos pasivos a que se refire o número 2 do artigo 3, terán un recargo do 25 por cento.

#### **Artigo 7º. - Ingreso da taxa.**

1. O ingreso da taxa efectuarase polo procedemento do selo municipal adherido ó escrito de solicitude de calquera acto ós que se refire o feito imponible, e con carácter previo ó acto que o motiva.

2. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, pola que se regula o réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que se subsane a deficiencia. Para esta finalidade se requirirá ó interesado para que, no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

#### **Artigo 8º. - Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.